

CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DOS/AS ESTUDANTES DA FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS

Santiago de Compostela,

REÚNENSE

Dunha parte, Don Antonio López Díaz, Reitor da **Universidade de Santiago de Compostela (USC)**, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 57/2018, do 31 de maio, do seu nomeamento, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 106, do 5 de xuño de 2018, e polas facultades conferidas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e no Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da USC.

E doutra, Don José Antonio Campo Andión, Director do **Instituto Galego de Estatística (IGE)**, que actúa en nome e representación del en virtude do Decreto 295/2009, do 14 de maio, do seu nomeamento, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 94, do 15 de maio de 2009, e polas facultades conferidas na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e no Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do IGE.

Ambas as dúas partes, en virtude de poderes suficientes para comparecer neste acto e vincularse, poderes ou capacidades que manifestan non lle foron modificados nin revogados, recoñécense plena capacidade e lexitimación para formalizar o presente convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

- I. Que o Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios/as establece no seu art. 8.1.a) a posibilidade de que as persoas matriculadas en ensinanzas impartidas polas universidades realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.
- II. Que o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do/a estudante universitario/a, establece no artigo 8.f) o seu dereito a realizar prácticas curriculares ou extracurriculares, que se poderán facer en entidades externas.
- III. Que os Estatutos da USC establecen na súa disposición adicional primeira que “a USC poderá contar coa colaboración de persoas profesionais externas no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o

adecuado recoñecemento desta colaboración”. Así mesmo, o artigo 51.f) indica que unha función das facultades e escolas é promocionar e implantar medidas para realizar prácticas externas.

- IV. Que adecuar os programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da universidade, de aí que un dos seus obxectivos sexa complementar a formación teórica dos/as estudantes con prácticas en entidades que lles permitan coñecer a realidade laboral.
- V. Que entre as tarefas encomendadas ao IGE nos plans anuais de actuación contemplados no seu Estatuto figuran, dentro do apartado de cursos, seminarios e outras actividades formativas, as prácticas de alumnos/as das universidades galegas. Todo iso en coherencia coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e como actuacións complementarias das reguladas na Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021.
- VI. Que as partes asinantes consideran necesario un maior achegamento entre os ámbitos laboral e universitario para, alternando formación teórica con prácticas externas, aumentar a cualificación do/a estudante e facilitar a súa futura inserción no mercado de traballo.
- VII. Que as partes asinantes comprométense a respectar o dereito fundamental de protección de datos e privacidade, polo que cumprirán de xeito leal o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais e o resto da lexislación española aplicable.

En consecuencia, acordan formalizar o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

As partes asinantes acordan establecer un programa para que os/as estudantes da universidade realicen **prácticas académicas externas** nas instalacións do IGE, así como achegar expertos/as para a parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa. As prácticas poderán ser:

- **Curriculares**, contempladas nos plans de estudo.
- **Conducentes á elaboración dos Traballos fin de grao/fin de máster**, segundo se

contempla nos plans de estudo e demais normativa de aplicación.

- **Extracurriculares**, ou complementarias.

O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes, coa finalidade de programar adecuadamente, desenvolver e verificar dita colaboración.

SEGUNDA. OBRIGAS DO IGE

O IGE acollerá 1 estudante por cada convocatoria que faga a universidade.

O IGE achegará persoas expertas para a parte da docencia teórico-práctica especializada que precisase o/a estudante e designará un titor ou titora que se encargará de seguir as prácticas, supervisar a súa realización e emitir un informe final sobre contidos e resultados acadados.

No caso de que a avaliación sexa favorable, o IGE, por petición da persoa interesada, emitirá unha certificación na que consten o tempo das prácticas e as actividades realizadas.

A certificación debe especificar que carece de efectos académicos e que, para estes efectos, queda supeditada á avaliación da universidade asinante das prácticas.

TERCEIRA. OBRIGAS DA UNIVERSIDADE

A selección de estudantes será competencia da universidade, así como a organización do apoio teórico e práctico que sexa preciso para desenvolver as prácticas.

A universidade comunicarlle ao IGE que persoa foi seleccionada para realizar as prácticas cunha antelación mínima de 15 días.

A avaliación final das prácticas realizarana a universidade a través da persoa que designe como titora, tendo en conta a memoria elaborada polo/a estudante e o informe de prácticas que emita o titor ou titora do IGE.

CUARTA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causa de resolución do convenio:

- O mutuo acordo das partes.
- O incumprimento das obrigas que se establecen nel, previa reunión da comisión de seguimento e interpretación.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO E INTERPRETACIÓN

Créase unha comisión de seguimento e interpretación da que formarán parte dúas persoas polo IGE e dúas persoas pola universidade, que serán a responsable de prácticas do centro e a titular da vicerreitoría competente en materia de prácticas académicas externas, ou persoa

na quen delegue, que actuará como interlocutor/a co IGE no relativo ao convenio.

A comisión de seguimento e interpretación realizará as seguintes funcións:

- Resolver os problemas que se presenten durante a súa execución.
- Interpretar e aplicar con carácter xeral as súas cláusulas, controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
- Tomar medidas en relación coas incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión de alumnos/as que non cumpran o acordado.

A comisión reunirse cando o considere necesario calquera das partes.

SEXTA. NORMAS DE APLICACIÓN

O convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público e seralle de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Subsidiariamente aplicaráselle a seguinte normativa:

- Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se ordenan os ensinos universitarios, modificado polo Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas do alumnado.
- Regulamento de prácticas académicas externas da USC, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.
- Normativa do plan de estudos da titulación.
- Convocatorias de prácticas externas e demais disposicións xerais de aplicación.
- Aplicación supletoria do Regulamento para xestionar convenios na USC (aprobado polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2002) e das resolucións e acordos sobre esta materia no que non se opoñan ao Regulamento de prácticas académicas externas da USC.

SÉTIMA. DURACIÓN

A duración do convenio será de catro anos naturais, respectando en todo caso o tempo de realización das prácticas xa iniciadas durante a súa vixencia. Por acordo das partes e mediante a sinatura dunha addenda poderase prorrogar por un máximo de catro anos.

Aos efectos de publicidade estarase ao disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (Diario Oficial de Galicia nº 149, do 3 de agosto de 2006).

OITAVA. RÉXIME XURÍDICO DA REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

As prácticas académicas externas levaranse a cabo de acordo coas seguintes normas:

a) Persoas destinatarias

Poderán beneficiarse deste programa os/as estudantes matriculados/as nalgunha titulación da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, de conformidade co plan de estudos correspondente.

b) Período

As prácticas externas curriculares terán a duración prevista no plan de estudos correspondente, nos termos establecidos no artigo 12.6 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se ordenan as ensinanzas universitarias oficiais, e sempre cun máximo de 550 horas.

As prácticas externas extracurriculares terán unha duración non superior ao cincuenta por cento do curso académico, é dicir, 30 ECTS (ou sexa, 750 horas, considerando unha equivalencia de 25h/ECTS).

c) Número de prazas

O IGE acollerá 1 alumno/a por cada convocatoria que faga a universidade.

d) Tutoría das prácticas

Designaranse dúas persoas como titoras do/a estudante, unha por cada parte asinante do convenio. A súa misión será seguir e supervisar a realización das prácticas e emitir un informe final sobre as mesmas.

A estes efectos asinarán un documento no que figurarán, perfectamente detallados, o tempo empregado e as tarefas realizadas pola/a estudante. Dito documento incluírá un apartado breve no que constarán o seu nivel de aproveitamento e as capacidades adquiridas.

e) Dereitos e deberes dos titores e titoras

A persoa designada como titora polo IGE terá os seguintes dereitos:

- Recoñecemento efectivo da súa actividade colaboradora por parte da universidade, por petición da persoa interesada.
- Recibir información da normativa que regula as prácticas externas, así como do proxecto formativo (guía docente da materia) e das condicións para o seu desenvolvemento.
- Acceder á universidade para obter a información e o apoio necesarios para cumprir

os fins propios da súa función.

Tamén terá os seguintes deberes:

- Acoller ao/á estudante e organizar as actividades a desenvolver, de acordo co establecido no proxecto formativo.
- Supervisar as actividades do/a estudante e orientar e controlar o desenvolvemento das prácticas, cunha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.
- Informar ao/á estudante da organización e funcionamento do IGE e da normativa de interese, especialmente da relativa á seguridade e riscos laborais.
- Coordinar coa persoa designada pola universidade como titora académica a realización das actividades establecidas, incluíndo as modificacións do plan formativo que se precisen para o normal desenvolvemento das prácticas, así como comunicar e resolver as incidencias que puideran xurdir e controlar os permisos para realizar exames.
- Emitir o informe final.
- Proporcionar a formación complementaria e os medios materiais indispensables que precise o/a estudante para realizar as prácticas.
- Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do/a estudante.
- Facilitar á persoa designada pola universidade como titora académica o acceso ao IGE para que poida cumprir os fins propios da súa función.
- Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do/a estudante como consecuencia da súa actividade como titor/a.
- Prestar axuda e asistencia ao/á estudante durante a súa estadía no IGE, para resolver as cuestións de carácter profesional que poidan xurdir no desempeño das actividades que se lle encomenden.

A persoa designada como titora académica pola USC terá os seguintes dereitos:

- Recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que del se poidan derivar en ningún caso efectos retributivos específicos.
- Recibir información do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estadía do/a estudante que debe tutelar.
- Acceder ao IGE para cumprir os fins propios da súa función.

Tamén terá os seguintes deberes:

- Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a

compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do/a estudante.

- Facer un seguimento efectivo das prácticas, coordinándose coa persoa designada como titora do IGE e vistos, de ser o caso, os informes de seguimento.
- Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- Avaliar as prácticas da persoa tutelada de acordo co establecido no artigo 25 do Regulamento de prácticas académicas externas da USC.
- Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do/a estudante como consecuencia da súa actividade como titor/a.
- Informar á persoa responsable das prácticas académicas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.
- Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os/as estudantes con discapacidade realicen as prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

f) Contido das prácticas

O contido das prácticas será o que se especifique no proxecto formativo que se achegará como anexo a este convenio na documentación de formalización de cada práctica.

g) Memoria das prácticas

Rematado o período de prácticas, o/a estudante elaborará unha memoria final sobre o traballo desenvolvido.

h) Efectos

A realización polo/a estudante de prácticas tuteladas poderá supor o recoñecemento dos créditos prácticos necesarios para obter os títulos correspondentes, segundo a convocatoria específica de cada curso. As prácticas extracurriculares figurarán no seu expediente.

i) Relación co IGE

A vinculación do/a estudante en prácticas co IGE non será, en ningún caso, de natureza laboral e non terá a consideración de contrato en prácticas, de aprendizaxe, a tempo parcial, nin de calquera outra modalidade existente.

Os/as estudantes en prácticas non realizarán tarefas de responsabilidade do IGE, nin, cando menos en solitario, as exclusivas do seu persoal. As actividades tuteladas estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica.

O IGE non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino, ningún posto de traballo coa persoa tutelada, agás que formalice con ela un contrato de traballo, suposto no que cesará na realización das prácticas, debendo comunicar este feito á comisión de seguimento e interpretación do convenio.

j) Seguridade do/a estudante e responsabilidade civil

Os riscos de enfermidade ou accidente dos/as estudantes menores de vinte e oito anos estarán cubertos polo correspondente seguro escolar. Os maiores de vinte e oito anos formalizarán obrigatoriamente un seguro específico ao seu cargo no momento de formalizar a matrícula.

A cobertura dos riscos derivados da responsabilidade civil dos/as estudantes que realicen prácticas tuteladas no IGE queda garantida pola universidade.

NOVENA. PROTECCION DE DATOS

As partes comprométense a cumprir co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, que supón adaptar a normativa española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

O/A estudante en prácticas que teña acceso en calquera fase do tratamento a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea ao IGE información da que tivera coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou con finalidades distintas ás esixidas polas accións formativas, obriga que subsistirá logo de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte ao IGE, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa se puideran derivar perante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo estatístico regulado na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

DÉCIMA. PUBLICIDADE E REXISTRO DE CONVENIOS

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será inscrito no rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

UNDÉCIMA. XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través da comisión de seguimento e interpretación do convenio.

No entanto e por mor da súa natureza pública, as partes recoñecen á xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia e, en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA USC Por delegación do Reitor (RR do 20-06-2018 DOG do 29-06-2018) A Vicerreitora de Organización Académica	POLO IGE O Director
Asdo.: Dona María Celia Besteiro Rodríguez	Asdo.: Don José Antonio Campo Andión

ANEXO

ANEXO AO CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DOS/AS ESTUDANTES DA FACULDADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS

As persoas que asinan este documento manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no convenio de colaboración educativa subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) e, de acordo coas cláusulas contempladas no mesmo, fan constar a seguinte información:

1. Tipo de prácticas:

☐ Curriculares ☐ Extracurriculares ☐ Traballo fin de grao/fin de máster

2. Estudante beneficiario/a deste convenio:

Apelidos e nome

.....

DNI

O/a estudante declara cumprir os requisitos establecidos para realizar as prácticas, así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula 8 K). do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos e seguro específico para maiores de 28 anos).

3. Titulación na que está

matriculado/a.....
.....

4. Centro de traballo e localidade onde se desenvolverán as actividades:

.....
.....

5. Titor ou titora académica:

D/Dona

.....

con DNI

6. Titor ou titora do IGE:

D/Dona

.....

con DNI

7. Duración das prácticas académicas externas (dd/mm/aa): do..... ao
..... Nº total de días:Horas/día:

8. O réxime de **permisos** será acordado entre o IGE e o/a estudante e adaptarase ás normas que a universidade poida establecer. En todo caso, o IGE respectará as obrigas de asistencia á universidade para cumprir as actividades académicas, formativas, de representación e de participación do/a estudante.

9. O **obxectivo** educativo destas prácticas é que o/a estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o/a preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

10. Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

O proxecto formativo concreto das prácticas académicas externas reflectirase para cada caso neste apartado. O proxecto formativo terá en conta os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. O perfil e o nivel de profundidade dependerán dos labores a desenvolver polo/a estudante dentro do marco do convenio. O/A estudante realizará unha estadía onde porá en práctica os coñecementos adquiridos, adaptándose así a unha realidade concreta do traballo día a día.

11. Sistemas de avaliación e control: A persoa designada como titora académica, á vista do informe do IGE e da memoria final do/a estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4, do Regulamento de prácticas académicas externas da USC, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

12. O/a estudante comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no convenio e deberá:

- Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no anexo.
- Cumprir e respectar o sistema organizativo do IGE.
- Gardar o debido sxiilo respecto dos asuntos que coñeza na súa tarefa.
- Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais do IGE.
- Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas co IGE.
- Cumprir calquera outro deber previsto na normativa vixente e nos convenios de cooperación educativa asinados pola universidade, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas vinculadas á mesma, co IGE.

13. Información sobre protección de datos:

Entidade	Universidade de Santiago de Compostela
Responsable do tratamento	Secretaría Xeral
Finalidade	Xestión dos procesos de acceso á universidade, matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión de expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calquera outra actividade incluída na xestión académica administrativa.
Lexitimación	Prestación do servizo público de educación superior (Lei orgánica 6/2001, de Universidades e Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia). No seu caso, consentimento das persoas interesadas.
Persoas destinatarias	Poderanse ceder datos ás administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigas legais.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir datos, limitar o seu tratamento, opoñerse ao mesmo e á portabilidade dos datos.
Información adicional	Pódese consultar información adicional na política de privacidade e protección de datos aloxada en: http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/index.html
Transferencias internacionais	Non se prevén.

O que se asina, por triplicado, en Santiago de Compostela, o de de 2020

O/A titor/a académico/a,	O/A titor/a do IGE,	O/a estudante,
Asinado:	Asinado:.....	Asinado: